

# Plan de tráfico polas obras de peonalización integral do centro histórico Zero: Corazón Verde



Actual Rúa do Teatro

Con motivo das obras de peonalización integral e renaturalización do centro histórico, postas en marcha polo Goberno de Lara Méndez e financiadas polos fondos Europeos Next Generation e, para evitar o maior grado de afectación posible, achegámosche este plan de tráfico co fin de que coñezas, de primeira man, como afectará ao tráfico na contorna.

## Que melloras contemplan as obras en Rúa do Teatro?

- Pavimentación da Rúa do Teatro e Pr. Santo Domingo mediante unha plataforma única e inclusiva

que permitirá o acceso a todas as persoas sen que existan resaltes.

- Renovación do alumeadado e do mobiliario públicos.
- Incorporación de elementos vexetais que melloren a calidade do espazo.
- Renovación da rede de abastecemento.
- Adaptación do trazado de rede de saneamento e substitución da rede unitaria por rede separativa.
- Novas canalizacións para a distribución de enerxía eléctrica en baixa tensión e para redes de telefonía.

- Posta en valor do patrimonio arqueolóxico.

**Todas as obras desta fase se centrarán na Rúa do Teatro** ao mesmo tempo que se definen os termos da renaturalización da Pr. Santo Domingo.

## Grazas pola túa comprensión.

Este é un plan aberto que recolle a previsión inicial e que poderá se modificado ante posibles contratempas que xurdan durante os traballos, propios de calquera obra.

## O Concello escoita

Habilitamos esta conta de correo para que nos fagas chegar as túas dúbidas e suxestións: [corazonverdelugo@gmail.com](mailto:corazonverdelugo@gmail.com)

## 📍 Obra da Rúa do Teatro (fases A e B)

O mércores 19 de xullo comezarase a vallar para iniciar os traballos. Duración total estimada: 16 semanas

- As/os peóns poderán circular pola Rúa do Teatro a través dun itinerario seguro, libre de obstáculos e adaptado para o uso de cadeiras de rodas.
- O acceso ás vivendas e locais comerciais estará garantido.
- O acceso aos garaxes mantense, na medida do posible, en todo momento, a excepción de traballos puntuais que serán comunicados cun mínimo de 48 horas de antelación.
- Ambas fases contemplan o acceso ao aparcadoiro privado de rúa do Teatro e ao público da Pr. Santo Domingo.

### TAXIS E ZONAS DE CARGA E DESCARGA



- As zonas de estacionamento reservadas a taxis e carga e descarga trasladaranse ao outro marxe da praza.

### FASE A) Beirarrúa e carril dereito de Rúa do Teatro, segundo sentido de circulación cara a Praza Santo Domingo. Duración estimada: 8 semanas

- O carril esquerdo, o non ocupado, terá sentido de circulación de entrada á Pr. Santo Domingo.
- A saída de vehículos da zona afectada efectuarase por Rúa San Marcos, na que se levará a cabo unha reorganización para conciliar as zonas de paso co interese comercial dos establecementos situados na vía.

### FASE B) Beirarrúa e carril dereito de Rúa do Teatro, segundo sentido de circulación cara a Ronda da Muralla. Duración estimada: 8 semanas

- O carril de entrada desde a Ronda da Muralla será o habitual.
- A saída de vehículos da zona afectada efectuarase por Rúa San Marcos, ao igual que na fase I.
- Deixarase acceso ao aparcadoiro salvo momentos puntuais de actuación na zona.



### Lenda

